

Iqbal Masih tiña como unica posesion os seus doce anos. Aos catro foi vendido por 600 piastras —menos de quince dolares— para traballar nas industrias tecelas do Paquistan. Iqbal tecía alfombras durante doce horas ao dia a cambio de tres centavos.

Un dia, o pequeno rompeu os **fios** que o ataban as tecedeiras e converteuse na voz da denuncia dos millons de nenos escravos do mundo. Cos premios recibidos abriu unha escola na que quería aprender para facerse avogado. A sua loita fixo que pecharan varias empresas nas que traballaban como esclavos nenos e nenas pero, tamen, que puxeran prezo a sua pel.

O dia 16 de abril de 1995, Iqbal caeu abatido a balazos polas costas cando pedaleaba na sua bicicleta. As mafias tapiceiras paquistanis non perdoaron a sua voz, unha voz que xa se escoitara internacionalmente, mesmo na ONU. Dende enton, o dia 16 **conmemorase** en todo o mundo o dia internacional contra a escravitude infantil.

A traxica historia de Iqbal non e, por desgraza, unha excepcion. Segundo Unicef, no mundo hai uns 250 millons de cativos **forzados** ao traballo. Minas, canteiras, tabaqueiras, fabricas de tixolos, tecedeiras, o agro... Os corpos infantis son utilizados como man de obra barata para **satisfacer a fame** insaciável do capitalismo.

Nenos-soldado. Nenas-prostitutas. Nenas-obreiro. Nenos-sida. Nenos-venda de organos. Nenas-pegamento. Nenos-rua. McDonalds e Disney son **citadas** pola Axencia de Informacion para America Latina como multinacionais que empregan a menores para fabricaren xoguetes. Os nenos dos países subdesenvolvidos cosen as pequenas pezas coas que os nenos occidentais tecen os seus soños. Os alicerces da ilusión.

Rosa Aneiros, *El Progreso*, 18-04-2006.

1. Acentúa correctamente o seguinte texto.
2. Separa en sílabas e explica a acentuación das seguintes palabras do texto: **fios, abriu, sua, caeu, tapiceiras, perdoaron, conmemorase, infantis, multinacionais**.
3. Explica a colocación dos pronomes átonos do texto.
4. Análise crítica de texto.